

PROGRAMACIÓN 6º INFANTIL

C.R.A. DE NARÓN



CURSO 2021-2022

ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN
2. LIÑA DE TRABAÑO ANUAL: PROXECTOS.
- ✓ 3. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN
4. OBXECTIVOS E CONTIDOS
5. COMPETENCIAS BÁSICAS
6. METODOLOXÍA
7. ATENCIÓN A DIVERSIDADE
8. AVALIACIÓN
9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA Ó FINAL DA ETAPA
11. INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA DE EDUCACIÓN INFANTIL
12. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL E ALGÚNS ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O **Colexio Rural Agrupado de Narón** está situado no concello de Narón e está formado por catro escolas situadas noutras tantas parroquias: **Domirón, O Val e Sedes**. O contorno é principalmente rural, agás na escola de Domirón.

A maioría das familias están formadas por ámbolos pais e os nenos e nenas da parella e estes viven maioritariamente en casas, se ben hai tamén familias que residen nun piso. O nivel socioeconómico das familias é medio, e nalgúns casos medio-baixo e a lingua predominante no contorno é o castelán.

A escola de **Domirón** é un edificio de planta baixa que conta con tres aulas de Educación Infantil, de 3, 4 e 5 anos.

A escola de **O Val**, está distribuída en dous edificios e 2 módulos, nun escolarízanse os nenos e nenas de Educación Infantil, noutro os nenos e nenas 3º-4º educación primaria e nos módulos o alumnado de 1º e 2º de educación primaria. Neste momento están a funcionar 3 aulas de Educación Infantil.

A escola de **Sedes** é tamén un edificio de dúas plantas no que a aula de Educación Infantil se encontra na planta superior e funciona tamén como aula mixta de 3, 4 e 5 anos.

Tódalas escolas contan con zona de xogos ao aire libre, cunha zona cuberta para adaptarse as necesidades climatolóxicas.

Ademais das instalacións docentes anteriormente mencionadas, o centro conta con outra escola, situada na parroquia de **San Xiao**, que non funciona como tal e que alberga as dependencias administrativas. É un edificio de dúas plantas nas que, ademais de realizarse as funcións administrativas teñen lugar as reunións do profesorado así coma as do Equipo de Infantil, posto que ao tratarse dun CRA e estar o profesorado disperso en diferentes parroquias é imprescindible contar cun lugar común no que poder reunirse.

Neste momento o número total do alumnado de Educación Infantil matriculados no C.R.A. é de 119 alumnos/as, dos cales 36 son de 3 anos, 42 son de 4 anos e 41 son de 5 anos.

A distribución do alumnado nas diferentes escolas é a que se mostra na seguinte táboa:

CURSO 2021--2022	E.I. 3 ANOS	E.I. 4 ANOS	E.I. 5 ANOS
DOMIRÓN	20	23	21
O VAL	12	15	15
SEDES	4	4	5
TOTAL	36	42	41

Teremos en conta a matrícula á hora de realizar a nosa programación e terémolo tamén en conta á hora de realizar as nosas programacións de aula, adaptándoas ás diferentes realidades de cada escola e grupo particular.

2.LIÑA DE TRABALLO ANUAL: PROXECTOS.

OS NOSOS PROXECTOS:

XUSTIFICACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Como todos os anos a nosa mascota Bufiña será a encargada de motivar e introducir as temáticas que plantexamos para este novo curso 2021/22.

As distintas temáticas, estarán divididas en 2 bloques:

- **1 BLOQUE: 1º Trimestre**
 - **A NOSA ESCOLA SEDES, ESTÁ DE ANIVERSARIO:** Neste curso estamos de celebración, a escola de Sedes cumpre o seu centenario. Comezaremos realizaremos un proxecto adicado ao nosos C.R.A. e as súas escolas. Neste trimestre realizaremos actividades variadas para conmemorar o centenario da escola de Sedes.
 - **QUEREMOS SABER:** En cada aula traballaremos un proxecto que parta dos intereses e gustos dos propios nenos e nenas.

- **2 BLOQUE: 2º-3º Trimestre:** As diferentes manifestacións artísticas son fundamentais para o desenvolvemento integral do nen@. Polo que no 2º e 3º trimestre achegaremos o noso alumnado as artes: a música, a poesía e a arte. Partiremos do conto “El Carnaval de los animales” e obras de arte de diferentes autores.
 - **A MÚSICA E OS ANIMAI.**
 - **A ARTE E OS ANIMAI.**

Obxectivos:

- Despertar o interese por adquirir coñecementos novos.
- Expresar os sentimentos, desexos e inquedanzas polos temas que imos estudar ou queremos traballar.
- Fomentar a observación e investigación.
- Participar na búsqueda de información, tanto por parte dos nenos e nenas como polas familias.
- Achegar ó alumnado á súa realidade máis próxima.
- Descubrir e participar en manifestacións sociais, culturais e artísticas do noso entorno e patrimonio cultural.
- Disfrutar das distintas manifestacións artísticas e culturais: música, arte, poesía...
- Fomentar o sentido crítico e o gusto de aprender a aprender.
- Fomentar habilidades de colaboración, cooperación e traballo en grupo.
- Empregar diferentes linguaxes (oral, escrito, dixital, musical, plástica) para representar aspectos significativos.
- Potenciar a creatividade e a imaxinación do alumnado.
- Adquirir vocabulario relacionado cos nosos proxectos.

Contidos:

- Interese por aprender e descubrir novos coñecementos.
- Uso da investigación para descubrir cousas novas e análise das mesmas cun pensamento crítico.
- Interese pola búsqueda de información dos proxectos traballados.
- Aceptación e valoración dos sentimentos, desexos e inquedanzas, que xurdan.
- Formulación de hipóteses, comprobación e extracción de conclusións.
- Utilización de diferentes linguaxes e técnicas para reflectir os coñecementos adquiridos.
- Respecto e interese polo patrimonio cultural.
- Interese e disfrute das distintas manifestacións artísticas.

- Gusto polo traballo colaborativo, cooperativo e grupal.
- Uso do vocabulario básico de cada proxecto.
- Experimentación, imaxinación e creatividade.

Criterios de avaliación:

- Amona interese pola adquisición de novos coñecementos
- Observa e investiga sobre os novos proxectos.
- Participa nas diferentes fases dos proxectos.
- É capaz de explicar experiencias e coñecementos adquiridos durante o proxecto.
- Representa a través de diferentes soportes os coñecementos aprendidos.
- Emprega vocabulario relacionado co proxecto.
- Traballa en equipo e colaboración.
- Goza experimentando coa súa creatividade e a imaxinación.

PROXECTO COVID

Dada á crise sanitaria e social vivida pola COVID-19, dende o ámbito educativo pretendemos contribuír a crear contornos escolares saudables e seguros, a través dunha serie de medidas preventivas, tanto colectivas como individuais, para prever posibles riscos de contaxio.

Neste curso seguiremos promovendo **hábitos de hixiene e autocoidado** para a prevención de posibles contaxios no ámbito educativo. Establecendo pautas e rutinas de hixiene, para a prevención de infeccións no entorno escolar, que extrapolarán ó ámbito familiar e social. Ditos hábitos promoverán a hixiene de mans, uso da máscara, distanciamento interpersoal, hixiene respiratoria (ó tusir ou esbirrar), uso axeitado dos espazos e dos recursos da aula,...

Sen esquecer, a necesidade de fomentar **habilidades emocionais** creando entornos positivos para aprender, entender e canalizar as nosas emocións; paliando posibles respostas emocionais negativas derivadas da crise sanitaria como medo, ansiedade ou estrés.

SECUENCIA DIDÁCTICA

Para adaptarnos á nova realidade educativa e integrar ditos hábitos de hixiene e habilidades emocionais elaboramos dita secuencia didáctica, co obxectivo de instaurar ditas medidas dende o comezo de curso e que iremos consolidando ó longo do mesmo.

Obxectivos:

- Familiarizarse coas medidas hixiénico – sanitarias creando un entorno saudable e seguro.
- Coñecer e respetar as medidas organizativas de seguridade na aula, patios, accesos para prever os riscos de contaxio.
- Fomentar o desenvolvemento progresivo da súa autonomía respectando as medidas de seguridade.
- Descubrir e coñecer ós compañeiros que forman o grupo de convivencia estable e o seu pequeno grupo de xogos.
- Coñecer o titor e o docente de apoio creando vínculos afectivos.
- Fomentar o gusto polo colexio e polas actividades que nel se realizan.
- Expresar emocións, aumentar a confianza e compartir o vivido e sentido.

Contidos:

- Hixiene de mans: auga, xabón, gel, papel dun só uso.
- Hixiene respiratoria: ó tusir ou esbirrar cubrirse usando o cóbado ou un pano de refugallo.
- Uso da máscara como medida complementaria e recomendable.
- Manipulación dos diferentes materiais de aula (funxible, xoguetes, materiais didácticos) respectando as medidas de hixiene.
- Desprazamentos controlados minimizando os contactos.
- Uso de espazos ó aire libre para a realización de actividades educativas.
- Realización de xogos para adaptarse ó grupo, ó espazo e ós horarios.
- Expresión de emocións e axuda para superar as posibles angustias, temores, dúbidas ante a crise sanitaria.
- Medidas organizativas na aula e patio: grupo de convivencia estable, pequenos grupos estables de socialización e xogo.

Criterios de avaliación

- Familiarizase coas medidas hixiénico – sanitarias creando un entorno saudable e seguro.
- Coñece e respeta as medidas organizativas de seguridade na aula, patios, accesos para prever os riscos de contaxio.
- Fomenta o desenvolvemento progresivo da súa autonomía respectando as medidas de seguridade.
- Descubre e coñece ós compañeiros que forman o grupo de convivencia estable e o seu pequeno grupo de xogos.
- Coñece o titor e o docente de apoio creando vínculos afectivos.
- Fomenta o gusto polo colexio e polas actividades que nel se realizan.
- Expresa emocións, aumentar a confianza e compartir o vivido e sentido.

3. OBXECTIVOS E CONTIDOS

Neste punto quedan recollidas as diferentes unidades didácticas que levaremos a cabo neste curso. En cada unidade reflíctese os diferentes obxectivos que se plantexa para cada unha delas, os contidos traballados e os criterios de avaliación para valorar se o alumnado adquiriu o que se pretendía. Para a elaboración dos mesmos tívose en conta o PEC e o PCC e en todo caso respectouse o establecido no DECRETO 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo para a etapa de E.I.

UNIDADE 1: VOLTAMOS Á ESCOLA!

UNIDADE 2: XA CHEGA O OUTONO

UNIDADE 3: O MEU AMIGO BALTASAR

UNIDADE 4: E SE XOGAMOS XUNTOS?

UNIDADE 5: ONDE VIVES TÍ?

UNIDADE 6: O RATO DE MARTÍN

UNIDADE 7: POLO CEO E POLO MAR

UNIDADE 8: VISITANDO AOS BOMBEIROS

UNIDADE 9: O ARCO DA VELLA

UNIDADE 1: VOLTAMOS Á ESCOLA!

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Expresar e controlar os seus sentimentos e emocións.
- Identificar as partes do corpo que expresan emocións.
- Tomar conciencia de si mesmo e do seu nome.
- Respetar as normas nos desprazamentos evitando riscos.
- Utilizar de forma adecuada as súas posibilidades motrices nos desprazamentos.
- Progresar na adquisición de hábitos de saúde, benestar e orde.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Identificación de sentimentos propios e dos demais
- Recoñecemento de si mesmo e do seu propio nome
- Manifestación e control progresivo dos sentimentos
- Valoración positiva da expresión de sentimentos

Xogo e movemento

- Control postural: distintas formas de desprazarse. Posturas e movementos do corpo no espazo
- Aplicación das normas elementais de seguridade nos desprazamentos
- Exploración e discriminación das posibilidades e limitacións do corpo en distintas situacións relacionadas co espazo
- Confianza nas propias posibilidades de acción

Actividades da vida cotiá

- Normas que regulan a vida cotiá: hábitos elementais de organización
- Desenvolvemento de hábitos de orden

O coidado persoal e a saúde

- Hábitos de saúde e benestar
- Interese por previr situacións de risco
- Aceptación das normas de comportamento establecidas.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar e utilizar os números do un ao seis.
- Realizar sumas.
- Identificar e situar os ordinais: primeiro e último.
- Diferenciar os conceptos: moitos, poucos e ningún.
- Distinguir medidas: tan alto como, máis alto e máis baixo.
- Diferenciar as nocións temporais: mañá, tarde e noite.
- Repasar formas xeométricas.
- Diferenciar as nocións espaciais: esquina, borde e centro.
- Orientarse e actuar de forma autónoma nas dependencias do centro.
- Tomar conciencia dos cambios do ser humano co crecemento.
- Iniciarse na observación do medio natural a través da climatoloxía.
- Respetar ao persoal do centro e diferenciar as súas funcións.
- Mostrar respecto cara ao persoal do centro.
- Identificar a os membros do grupo familiar e identificar relacións de parentesco.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medidas

- Numeración do 1 ao 6
- Sumas
- Ordinais: primeiro/último
- Cuantificadores: moitos, poucos e ningún
- Medidas de lonxitude: tan alto como/máis alto que/máis baixo que
- Nocións temporais: mañá, tarde, noite
- Formas xeométricas: cadrado, triángulo, rectángulo, círculo
- Nocións espaciais: esquina, borde e centro

Achegamento á natureza

- Cambios no ser humano como ser vivo
- Observación meteorolóxica

Cultura e vida en sociedade

- As dependencias do centro
- O persoal do centro e as súas funcións
- Distintas estruturas familiares
- Relacións de parentesco

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feitos interpretar imaxes.
- Desenvolver o vocabulario relacionado coa familia e o colexio.
- Comprender e utilizar de forma correcta as frases nos diálogos.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas verticais, horizontais e inclinadas combinadas.
- Iniciarse na escritura para cumprir finalidades reais: ler e escribir o propio nome.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de comunicación, información e goce.
- Comprender textos literarios mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.
- Coñecer tipos de ordenadores e iniciarse no emprego dun procesador de textos.
- Utilizar técnicas plásticas aprendidas: *colaxe*.
- Analizar unha obra de arte razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Diferenciar entre sons con obxectos e audicións musicais.
- Realizar ritmos con obxectos e interpretar cancións.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Interpretar mediante a dramatización de diferentes personaxes coñecidas.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da lingua oral: frases e diálogos

- Uso progresivo de léxico variado con crecente precisión
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: colorear/non colorear, ler/non ler, recortar/non recortar, escribir/non escribir
 - Tarxetas de vocabulario: mesa, neno, nena, papeleira, afialapis, cadeira, tesoiras
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Traballo con liñas verticais, horizontais e inclinadas combinadas
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

Linguaxe audiovisual

- Coñecemento de distintos tipos de ordenador: de mesa e portátil
- Iniciación no emprego dun procesador de textos

Linguaxe artística

- Experimentación cos elementos e técnicas da linguaxe plástica
- Actitudee positiva ante as producións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica
- Interpretación e valoración progresiva de obras plásticas.
- Elaboración de ritmos con obxectos do contorno
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía

Linguaxe corporal

- Dramatización e interpretación de personaxes
- Expresión de emocións e sentimentos utilizando a expresión xestual de forma espontánea e suxerida.

UNIDADE 2: XA CHEGA O OUTONO

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Coñecer e diferenciar as distintas partes do corpo: segmentos e articulacións.
- Recoñecer e diferenciar as características físicas segundo o sexo.
- Identificar as funcións dos órganos dos sentidos.

- Progresar na orientación espacial e a direccionalidade.
- Coñecer as normas de relación en situacións de lecer e tempo libre.
- Realizar e compartir actividades sen discriminación por sexo.
- Desenvolver normas de hixiene persoal.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- O corpo: segmentos e elementos
- Características diferenciais e imaxe global
- Órganos dos sentidos e as súas funcións

Xogo e movemento

- Orientación no espazo: nocións de direccionalidade
- Aplicación de normas de relación cos demais en situacións de xogo

Actividades da vida cotiá

- Lecer e tempo libre
- Actividades compartidas sen discriminación

O coidado persoal e a saúde

- Hábitos de hixiene

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Coñecer, identificar e utilizar o número cero.
- Ordenar os números do cero ao seis.
- Realizar sumas.
- Identificar e situar os ordinais de forma contextualizada: primeiro, segundo e terceiro.
- Diferenciar e utilizar os cuantificadores: algún, ningún.
- Realizar comparacións de tamaño: máis grande que, máis pequeno que, tan grande como.
- Diferenciar formas: círculo e óvalo.
- Realizar series con figuras planas.
- Discriminar as texturas, suave e áspero.
- Coñecer os cambios da paisaxe no outono.
- Comprender a importancia de coidar o contorno.
- Identificar as prendas de vestir e clasificalas segundo a súa función.
- Identificar froitos de outono.

- Celebrar o Día dos dereitos da infancia.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medidas

- Numeración: cero.
- Ordinais: primeiro, segundo, terceiro.
- Sumas.
- Cuantificadores: algún, ningún.
- Tamaño: máis grande que/máis pequeno que/tan grande como.
- Formas planas: círculo e óvalo.
- Texturas: suave e áspero.

Achegamento á natureza

- Cambios producidos no contorno segundo a estación: o outono.
- Coidado do contorno.

Cultura e vida en sociedade

- Prendas de vestir adecuadas á estación.
- Froitos propios do outono.
- Día especial: Día dos dereitos da infancia.
- Aplicar os números do cero ao seis ás coleccións de obxectos.
- Resolver problemas de adición con números do cero ao seis.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feitos e comunicar ideas.
- Desenvolver o vocabulario relacionado co corpo, o outono e as prendas de vestir.
- Elaborar frases en presente, pasado e futuro.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas en aspa e en cruz.
- Iniciarse no uso da lingua escrita para cumprir finalidades reais.
- Fomentar o interese por producir liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como fonte de información.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Iniciarse nos usos do ordenador para realizar gráficos.
- Reflectir a figura humana mediante a técnica do debuxo.
- Analizar e apreciar obras de arte e expresarse a través delas.
- Identificar familias de instrumentos e diferenciais.

- Participar activamente na audición de obras musicais e na interpretación de cancións.
- Coñecer as posibilidades motrices do seu corpo para orientarse no espazo.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da lingua oral.
- escoitar, falar e conversar empregando frases en diferentes tempos verbais.
- Uso progresivo de léxico variado relacionado co corpo, o outono e as prendas de vestir con crecente precisión.
- Programa de lectura:
 - Pictogramas: oír/non oír, mirar/non mirar, tocar/non tocar, camiñar/non camiñar, correr/non correr.
 - Tarxetas de vocabulario: bañador, camiseta, chándal, man, ollo, pelo, pé, vestido.
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Traballo con liñas en cruz e aspás.
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no emprego do ordenador.

Linguaxe artística

- Debuxo da figura humana.
- Actitude positiva ante as producións plásticas.
- Realización dos obradoiros de plástica.
- Interpretación e valoración progresiva de obras de arte.
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva de familias de instrumentos musicais: percusión, corda, vento.

Linguaxe corporal

- Movementos corporais orientados no espazo.

UNIDADE 3: O MEU AMIGO BALTASAR

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Manter o equilibrio nos desprazamentos.
- Realizar actividades da vida cotiá confiando nas súas posibilidades motrices.
- Progresar nas habilidades manipulativas requiridas para o uso correcto dos cubertos.
- Coñecer como é un menú saudable.
- Recoñecer e practicar hábitos de alimentación sans.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Control de desprazamentos sen perder o equilibrio.

Xogo e movemento

- Desenvolvemento da coordinación motriz.

Actividades da vida cotiá

- Actividades da vida cotiá: emprego dos cubertos.

O coidado persoal e a saúde

- Menú alimenticio.
- Práctica de hábitos saudables de saúde e alimentación.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar, compoñer, descompoñer e empregar os números do un ao seis.
- Identificar e empregar os conceptos: par e parella.
- Coñecer e utilizar os ordinais: cuarto, quinto e sexto.
- Diferenciar as nocións: pesado e lixeiro.
- Distinguir os sabores: doce, salgado e ácido.
- Iniciar na resolución de cadros de dobre entrada.
- Diferenciar as nocións espaciais: dereita e esquerda.
- Coñecer, explorar e reproducir a figura do rombo.
- Coñecer o deserto como paisaxe natural e recoñecer a importancia de conservalo.
- Identificar algunhas características da época do Nadal.

- Identificar os elementos da rúa e as súas distintas funcións.
- Coñecer as normas de seguridade viaria.
- Coñecer tipos de comercios.
- Identificar alimentos elaborados e a súa procedencia.
- Celebrar o Día da Constitución.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medidas

- Operacións: composición e descomposición dos números do un ao cinco.
- Numeración: par e parella.
- Ordinais: cuarto, quinto, sexto.
- Peso: pesado, lixeiro.
- Textura: doce/salgado/ácido.
- Cadros de dobre entrada.
- Orientación espacial: dereita, esquerda.
- Formas: rombo.

Achegamento á natureza

- Coñecemento e coidado do contorno: o deserto.

Cultura e vida en sociedade

- O Nadal.
- Elementos da vía pública e as súas funcións.
- Normas de seguridade viaria.
- Tipos de comercios e áreas comerciais: mercados, feiras, zocos, centros comerciais...
- Alimentos elaborados e a súa procedencia.
- Día especial: Día da Constitución.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feitos e interpretar imaxes.
- Desenvolver o vocabulario relacionado cos comercios, a rúa e os alimentos.
- Expresar sentimentos, ideas, preferencias, gustos e desexos axustándose aos diferentes contextos.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.

- Recoñecer a utilidade das cartas e os carteis diferenciándoos de outras formas de expresión.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para realizar liñas en espiral en ambos sentidos.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura valorándoa como instrumento de comunicación.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Recoñecer as iconas de acceso directo no ordenador.
- Empregar buscadores de internet para conseguir información.
- Utilizar e experimentar con técnicas plásticas coñecidas na realización de bodegóns.
- Analizar unha obra pictórica razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Identificar e interpretar cancións populares e panxoliñas.
- Recoñecer os instrumentos que se utilizan para cantar panxoliñas.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Expressar co corpo sentimentos, emocións e vivencias.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da lingua oral.
- Uso progresivo de léxico variado relacionado cos comercios, a rúa e os alimentos con crecente precisión.
- Expresión de ideas, preferencias, gustos e desexos.
- Programa de lectura:
 - Pictogramas
 - Tarxetas de vocabulario.
- Lectura de cartas e de carteis informativos.
- Traballo con liñas en espiral en ambos sentidos.
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Recoñecemento dos accesos directos no ordenador e os seus usos.
- Emprego de buscadores de Internet.

Linguaxe artística

- Composición de bodegóns empregando diferentes técnicas plásticas.

- Actitude positiva ante as producións plásticas.
- Realización do taller de plástica.
- Interpretación e valoración progresiva de obras de arte.
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva de instrumentos empregados en panxoliñas.
- Audicións.

Linguaxe corporal

- Dramatización de vivencias, emocións e sentimentos.

UNIDADE 4: E SE XOGAMOS XUNTOS?

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Aceptar as súas posibilidades e limitacións e respectar as dos outros.
- Tomar conciencia da importancia de coidar o corpo.
- Afianzar o dominio dos desprazamentos nos xogos.
- Participar nos xogos evitando actitudes competitivas e colaborando cos demais.
- Progresar na adquisición de hábitos de coidado do corpo.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Aceptación e valoración axustada e positiva das súas posibilidades e limitacións.
- Coidado das diferentes partes do corpo.

Xogo e movemento

- Dominio dos desprazamentos nos xogos.

Actividades da vida cotiá

- Actuación no competitiva.
- Colaboración nos xogos.

O coidado persoal e a saúde

- Hábitos de hixiene e benestar persoal.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar e aplicar os números ata o sete.

- Coñecer e situar os ordinais ata o sétimo.
- Resolver sumas e Iniciarse na resolución de restas.
- Iniciarse na resolución de cadros de dobre entrada.
- Diferenciar e utilizar as medidas temporais: antes, agora, despois.
- Recoñecer diferentes grados de proximidade e afastamento.
- Discriminar entre o rombo e o triángulo.
- Comprender a importancia da reciclaxe na conservación do medio natural.
- Recoñecer os xogos como medios para relacionarse cos demais e para comunicar desexos e emocións.
- Coñecer algunhas actividades lúdicas e deportivas.
- Valorar a paz.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida.

- Numeración: sete.
- Ordinais: sétimo.
- Operacións: sumas e iniciación á resta.
- Cadro de dobre entrada.
- Nocións temporais: antes, agora e despois.
- Orientación espacial: diferentes graos de proximidade e afastamento.
- Formas: triángulo e rombo.

Achegamento á natureza

- Respecto, conservación e coidado do medio natural: reciclado.

Cultura e vida en sociedade

- Xogos e xoguetes.
- Actividades deportivas.
- Día especial: Día da paz.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feitos e interpretar imaxes.
- Desenvolver o vocabulario relacionado cos xogos e os xoguetes.
- Coñecer, aplicar e respectar as normas da conversación.
- Ler e interpretar frases con pictogramas e tarxetas de vocabulario.
- Interpretar imaxes dun conto e coñecer as súas partes.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas curvas continuos e descontinuos.

- Fomentar o interese por producir liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura valorándoo como instrumento de comunicación.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Utilizar as técnicas plásticas básicas na construción de xoguetes.
- Analizar unha escultura razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Coñecer e interpretar cancións.
- Discriminar sons graves e agudos.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Expresarse e representar situacións sinxelas creadas entre varios.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da lingua oral: normas da conversación.
- Emprego progresivo de léxico variado relacionado cos xogos e os xoguetes.
- Programa de lectura:
 - Tarxetas de vocabulario.
 - Pictogramas.
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Identificación de partes dos contos.
- Liñas curvas continuas e descontinuas.
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles..
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Emprego da pizarra dixital.

Linguaxe artística

- Elaboración de xoguetes con materiais de refugallo.
- Actitude positiva ante as producións plásticas.
- Realización dos obradoiros de plástica.
- Interpretación e valoración progresiva de obras de arte.
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva de sons e voces graves e agudas.
- Audicións.

Linguaxe corporal

- Creación e representación de historias sinxelas creadas entre varios.

UNIDADE 5: ONDE VIVES TÍ?

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Desenvolver a coordinación motriz final en tarefas cotiás como abotoando, desabotoando, acordoando e lazada.
- Mostrar iniciativa na resolución de situacións cotiás.
- Explorar as posibilidades motrices do seu propio corpo no xogo.
- Participar nas tarefas do fogar.
- Practicar hábitos saudables.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Autonomía: abotoarse, desabotoarse, atar os zapatos.
- Iniciativa.

Xogo e movemento

- Exploración das posibilidades motrices no xogo.

Actividades da vida cotiá

- Participación nas tarefas domésticas.

O coidado persoal e a saúde

- Práctica de hábitos de aseo e de saúde no fogar.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar e aplicar os números ata o oito.
- Utilizar os números ordinais ata o octavo.
- Ordenar os números do cero ao sete en series ascendentes e descendentes.
- Explorar e descubrir atributos dos obxectos: grosso pero non o máis grosso, delgado pero non o máis delgado.
- Coñecer e utilizar unidades de medida naturais.

- Comprender e empregar as nocións temporais: onte, hoxe e mañá.
- Diferenciar entre dereita e esquerda.
- Identificar figuras planas coñecidas.
- Recoñecer fenómenos atmosféricos e observalos.
- Coñecer diferentes tipos de vivendas, actuais e de outras épocas.
- Identificar as funcións das dependencias dunha vivenda.
- Recoñecer accións e actividades que se realizan no fogar.
- Coñecer e participar nalgunhas festas do contorno.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medida

- Numeración: oito.
- Ordinais: octavo.
- Operacións: series ascendentes e descendentes do cero ao sete.
- Grosor: groso pero non o máis groso/delgado pero non o máis delgado.
- Medidas naturais: pés e pasos.
- Nocións temporais: onte/hoxe/mañá.
- Orientación espacial: dereita/esquerda.
- Forma: cadrado, triángulo, rectángulo, rombo e círculo.

Achegamento á natureza

- Observación de fenómenos do medio natural: o tempo.

Cultura e vida en sociedade

- A vivenda: dependencias e funcións.
- Distintos tipos de vivendas.
- Actividades do fogar.
- O contorno: o Carnaval.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feitos e interpretar imaxes.
- Desenvolver o vocabulario relacionado coa casa.
- Progresar na construción de frases largas e complexas.
- Ler e construír frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Iniciarse no coñecemento do código escrito interpretando carteis e asociándoos co que representan.

- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas curvas e horizontais combinadas.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como fonte de información.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Empregar instrumentos tecnolóxicos: gravador e reprodutor de son.
- Utilizar as técnicas plásticas aprendidas na composición dunha casa
- Analizar e apreciar obras de arte.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Diferenciar sons longos e curtos.
- Identificar instrumentos musicais
- Participar activamente na audición de pezas musicais.
- Representar situacións da vida familiar.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral: frases longas e complexas.
- Emprego progresivo de léxico variado relacionado coa casa, con crecente precisión.
- Programa de lectura:
 - Tarxetas de vocabulario.
 - Pictograma.
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Carteis indicadores.
- Combinación de trazo curvo e trazo horizontal.
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Emprego de instrumentos tecnolóxicos: gravador e reprodutor de son.

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas e materiais plásticos: picado, recortado, pegado, coloreado.
- Actitude positiva ante as producións plásticas.
- Realización dos obradoiros de plástica.
- Interpretación e valoración progresiva de obras de arte.

- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva de sons largos e curtos, e de instrumentos.
- Audicións.

Linguaxe corporal

- Dramatización de escenas familiares.
- Orientación e control de movementos.
- Recoñecer instrumentos musicais.
- escoitar atentamente as audicións musicais e participar con interese.
- Dramatizar situacións da vida familiar.

UNIDADE 6: O RATO DE MARTÍN

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Distinguir os sentidos e súas funcións.
- Identificar e expresar sensacións a través dos diferentes sentidos.
- Desenvolver a coordinación dinámica xeral e o equilibrio para representar xestos e movementos.
- Recoñecer a importancia das manifestacións de afecto nas relacións.
- Colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Utilización dos sentidos: sensacións e percepcións.

Xogo e movemento

- Coordinación dinámica xeral e equilibrio.

Actividades da vida cotiá

- Manifestación de afecto nas relacións persoais.

O coidado persoal e a saúde

- Normas de convivencia e hixiene en sitios públicos.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Identificar e empregar números ata o nove.
- Utilizar de forma contextualizada os números ordinais ata o noveno.
- Realizar a composición e descomposición de números do un ao oito.
- Iniciarse na resolución de cadros de dobre entrada.
- Identificar o cuantificador: metade.
- Discriminar as nocións de capacidade: cheo e baleiro.
- Ordenar espacialmente de dereita a esquerda.
- Coñecer a esfera como corpo xeométrico.
- Identificar as características xerais dos seres vivos, as súas semellanzas e diferenzas.
- Coñecer a evolución e os ciclos de vida de algúns seres vivos.
- Identificar os cambios que se producen no medio natural en primavera.
- Comprender a importancia do mantemento e coidado do contorno próximo: o parque.

Contidos

Medio físico: elementos de relacións e medida.

- Numeración: nove.
- Operacións: composición e descomposición do un ao oito.
- Ordinais: noveno.
- Cadros de dobre entrada.
- Cuantificadores: metade.
- Conceptos de capacidade: cheo/baleiro.
- Orientación espacial: orde de dereita e esquerda.
- Forma: esfera

Achegamento á natureza

- Animais e plantas: tipos, hábitat.
- Clasificación dos animais segundo características externas e o medio en que viven.
- Cambios no desenvolvemento dos animais e as plantas.
- A primavera: cambios climáticos.

Cultura e vida en sociedade

- Sitios públicos: o parque, coidado e respecto.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feitos e interpretar palabras.
- Desenvolver o vocabulario relacionado cos animais e as plantas.
- Pronunciar correctamente algúns fonemas.
- Recoñecer as letras que compoñen as palabras.
- Ler e construír frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Comprender e interpretar secuencias de imaxes.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para realizar liñas en bucle.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Iniciarse no emprego dun programa de debuxo.
- Utilizar técnicas plásticas para crear composicións con volume.
- Analizar unha obra de arte razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Coñecer e interpretar cancións.
- Identificar instrumentos de percusión.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Representar personaxes.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da lingua oral: construción de frases.
- Identificación de fonemas.
- Uso progresivo de léxico variado relacionado con plantas e animais con crecente precisión.
- Programa de lectura:
 - Tarxetas de vocabulario.
 - Pictogramas.
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas e tarxetas de vocabulario.
- Liñas en bucle superior e inferior, descontinuo e continuo.
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de programas de debuxo.

Linguaxe artística

- Composición con volume.
- Técnicas plásticas: *colaxe*, punteado.
- Realización dos obradoiros de plástica.
- Interpretación e valoración progresiva de obras de arte.
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva de instrumentos de percusión.
- Audicións.

Linguaxe corporal

- Representación de personaxes.

UNIDADE 7: POLO CEO E POLO MAR

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Aceptar e valorar as súas posibilidades e limitacións a través da interacción cos demais.
- Progresar no dominio da orientación e as posturas corporais.
- Afianzar a lateralidade corporal.
- Desenvolver a coordinación motriz necesaria para realizar lanzamentos.
- Recoñecer e aceptar regras e normas de convivencia.
- Practicar hábitos de hixiene e coidado persoal.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Aceptación e valoración positiva das súas posibilidades e limitacións.
- Posturas e orientación do corpo no espazo.

Xogo e movemento

- Afianzamento da lateralidade corporal.
- Lanzamentos.

Actividades da vida cotiá

- Recoñecemento e aceptación de normas e regras que regulan a convivencia.

O coidado persoal e a saúde

- Afianzamento de hábitos de coidado persoal.
- Coidado dun mesmo.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Resolver operacións e problemas cos números do cero ao nove.
- Empregar o signo menos (–) na realización de restas.
- Coñecer e aplicar as nocións anterior e posterior.
- Diferenciar e utilizar os cuantificadores: un máis, un menos, tantos como.
- Diferenciar os conceptos máis ancho e máis estreito.
- Recoñecer os días da semana.
- Recoñecer o cubo como corpo xeométrico.
- Valorar o medio natural.
- Discriminar entre medios de transporte contaminantes e non contaminantes.
- Coñecer medios de transporte de terra, mar e aire.
- Identificar algúns medios de comunicación e valorar as súas utilidades e funcións.
- Recoñecer a utilidade de algúns inventos.
- Celebrar o Día do libro.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medidas

- Numeración: anterior, posterior.
- Operacións: resta.
- Cuantificadores: un máis/uno menos/ tantos como.
- Medida: máis ancho/máis estreito.
- Nocións temporais: días da semana
- Formas: cubo.

Achegamento á natureza

- Curiosidade e respecto polo medio natural.
- Valoración dos transportes non contaminantes.

Cultura e vida en sociedade

- Medios de transporte: tipos.
- Función dos medios de transporte.
- Transportes contaminantes e non contaminantes.
- Medios de comunicación: tipos e funcións.
- Inventos: utilidade.
- Día especial: Día do libro.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feitos e interpretar imaxes.
- Desenvolver o vocabulario relacionado cos medios de transporte e comunicación.
- Traballar a concordancia nas producións orais.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Comprender e interpretar secuencias de imaxes ordenadas cronoloxicamente.
- Interpretar avisos e carteis.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para realizar liñas curvas encadeadas.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Aplicar as técnicas do *colaxe* e o picado nas producións plásticas.
- Analizar unha obra pictórica razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Coñecer algúns tipos de música.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Potenciar a escoita e a atención a través das audicións.
- Realizar danzas con música de distintos estilos.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da lingua oral: concordancia.
- Emprego progresivo de léxico variado relacionado cos medios de transporte e comunicación con crecente precisión.
- Programa de lectura:
 - Pictogramas.
 - Tarxetas de vocabulario.
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Portadores de información: carteis e avisos.
- Liñas en curva preparatorias para as letras: a, o, c, d, g, q.
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Emprego de instrumentos tecnolóxicos.

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: series de cores, *colaxe*, picado.
- Actitude positiva ante as producións plásticas.
- Realización dos obradoiros de plástica.
- Interpretación e valoración progresiva de obras de arte.
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva.
- Audicións.

Linguaxe corporal

- Baile de distintos estilos musicais.

UNIDADE 8 : VISITANDO AOS BOMBEIROS

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Coidar e valorar o propio corpo.
- Tomar conciencia da importancia de ter un aspecto coidado e aseado.
- Valorar e respectar as profesións sen discriminación.
- Afianzar hábitos e destrezas elementais de hixiene e saúde.
- Utilizar de forma adecuada instrumentos que implican riscos.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Importancia de coidar o corpo a través de hábitos de hixiene e as visitas ao médico.
- Gusto por un aspecto coidado e aseado.

Xogo e movemento

- Coordinación dinámica xeral.
- Equilibrio en diversos modos de desprazamento.

Actividades da vida cotiá

- Actitude no discriminatoria.

O coidado persoal e a saúde

- Hábitos de hixiene bucal e lavado de mans e unllas.
- Precaución no manexo de instrumentos perigosos.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Utilizar de forma contextualizada os números do cero ao nove.
- Ordenar números de maior a menor, e viceversa.
- Realizar operacións de resta.
- Diferenciar e utilizar as nocións de capacidade: case cheo, case baleiro.
- Coñecer e empregar as horas como medida de tempo.
- Identificar a situación espacial: no medio.
- Recoñecer o cilindro como corpo xeométrico.
- Observar os cambios do tempo no medio natural.
- Coñecer algunhas profesións e oficios.
- Observar e identificar os elementos de traballo das distintas profesións.
- Identificar profesións e instrumentos relacionados coa tecnoloxía.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medidas

- Numeración do cero ao nove.
- Series ascendentes e descendentes.
- Operacións: restas.
- Cuantificadores de capacidade: case cheo/case baleiro.
- Nocións temporais: horas.
- Situación espacial: no medio.
- Formas: cilindro.

Achegamento á natureza

- Observación de fenómenos meteorolóxicos.

Cultura e vida en sociedade

- Profesións e oficios: ferramentas e utensilios.
- Emprego da tecnoloxía nalgunhas profesións.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe oral para relatar feitos e comunicar ideas.
- Desenvolver o vocabulario relacionado coas profesións e os oficios.
- Coñecer e aprender trabalinguas.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Observar e interpretar sinais.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para realizar liñas curvas preparatorias para a letra s.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.
- escoitar e comprender un conto como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Recoñecer e empregar instrumentos tecnolóxicos: a cámara dixital.
- Construír un instrumento musical.
- Analizar unha obra pictórica razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminar sons de distintos instrumentos
- Potenciar a escoita e a atención a través das audicións musicais.
- Manter o equilibrio e a coordinación corporal nas representacións.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da lingua oral: trabalinguas.
- Emprego progresivo de léxico variado relacionado con profesións e oficios con crecente precisión.
- Programa de lectura:
 - Tarxetas de vocabulario.
 - Pictogramas.
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Interpretación de sinais.
- Liñas en curva descontinuos preparatorios para o trazo da letra s.
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Emprego de instrumentos tecnolóxicos: a cámara dixital

Linguaxe artística

- Construción dun instrumento musical.
- Experimentación con diferentes técnicas plásticas: punteado.
- Realización dos obradoiros de plástica.
- Interpretación e valoración progresiva de obras de arte.
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva de instrumentos.
- Audicións.

Linguaxe corporal

- Coordinación e equilibrio nas representacións.

UNIDADE 9: O ARCO DA VELLA

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Aceptar e valorar as súas características persoais coas súas posibilidades e limitacións.
- Controlar, cada vez con máis precisión, xestos e movementos ao trepar e camiñar.
- Progresar na adquisición de hábitos relacionados coa utilización correcta do auga.
- Progresar na superación persoal evitando temores e pesadelos.
- Coñecer accións de prevención dos efectos nocivos do sol.

Contidos

O corpo e a propia imaxe

- Aceptación e valoración axustada e positiva das súas posibilidades e limitacións.

Xogo e movemento

- Movementos coordinados para trepar.
- Equilibrio ao camiñar de costas.

Actividades da vida cotiá

- Superación do medo á escuridade.

- Aforro de auga.

O coidado persoal e a saúde

- Prevención dos efectos nocivos do sol.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Obxectivos

- Recoñecer e empregar os números ata o nove.
- Identificar e aplicar os ordinais ata o noveno.
- Realizar restas.
- Recoñecer e utilizar o cuantificador: dobre.
- Diferenciar os conceptos de medida: tan longo como, tan curto como.
- Coñecer e realizar mesturas de cores.
- Ubicar temporalmente as Actividades da vida cotiá.
- Recoñecer o reloxo como instrumento de medida do tempo.
- Comprender a noción de simetría e aplicala.
- Explorar e recoñecer o prisma como corpo xeométrico.
- Observar e recoñecer os cambios na natureza durante o día e a noite.
- Identificar as fontes de luz natural e artificial.
- Coñecer actividades que se realizan durante o verán.
- Recoñecer a importancia do sol e da auga para a vida.
- Coñecer e prever os efectos do sol nas actividades ao aire libre.
- Celebrar o Día do medio natural.

Contidos

Medio físico: elementos, relacións e medidas

- Cardinais: do cero ao nove.
- Ordinais: do primeiro ao noveno.
- Operacións: sumas e restas.
- Atributo de color: mesturas e combinacións de color.
- Cuantificador: o dobre.
- Conceptos de medida: tan longo como/tan curto como.
- Nocións de tempo: o reloxo, día/noite.
- Nocións espaciais: simetría.
- Formas: prisma.

Achegamento á natureza

- Luz natural e luz artificial.

- Observación de fenómenos do medio natural: día e noite.
- Curiosidade, respecto e coidado do medio natural.

Cultura e vida en sociedade

- O verán: características e actividades.
- Importancia do sol e o auga para a vida.
- Día especial: Día do medio natural.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Obxectivos

- Utilizar adecuadamente a linguaxe oral para relatar feitos e interpretar imaxes.
- Explicar oralmente relacións causa-efecto.
- Desenvolver o vocabulario relacionado co verán e co Universo.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Percibir semellanzas e diferenzas en palabras escritas.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para realizar as liñas en bucle inferiores e superiores.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Coñecer como se emprega un programa de presentacións.
- Utilizar diversas técnicas plásticas na composición de paisaxes.
- Experimentar coas mesturas e combinacións de cor.
- Analizar unha obra pictórica razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Coñecer e interpretar cancións.
- Discriminar sons da natureza.
- Potenciar a escoita e a atención a través das audicións.
- Utilizar as posibilidades motrices do propio corpo na danza.

Contidos

Linguaxe verbal

- Uso e valoración progresiva da lingua oral: relacións de causa e efecto.
- Emprego progresivo de léxico variado relacionado co verán.
- Programa de lectura:
 - Tarxetas de vocabulario.
 - Pictogramas.

- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Palabras escritas: semellanzas e diferenzas.
- Liñas de bucles enlazados preparatorias para o trazo da letra f.
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas e lexibles.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

Linguaxe audiovisual

- Emprego de instrumentos tecnolóxicos: programa de presentacións.

Linguaxe artística

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos para a realización de composicións.
- Realización dos obradoiros de plástica.
- Interpretación e valoración progresiva de obras de arte.
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo a melodía e o ritmo.
- Discriminación auditiva de sons da natureza.
- Audicións.

Linguaxe corporal

- Danza.

4. COMPETENCIAS BÁSICAS.

Coa entrada en vigor da LOE, e na súa concreción no D. 330/09, xorde o termo de **competencias básicas** que o alumnado debe desenvolver ó longo do ensino básico. A pesar de que a Educación Infantil non é unha etapa obrigatoria é preciso que ditas competencias se comecen a desenvolver nesta etapa, para que a súa adquisición sexa progresiva interciclos. Para acadar o desenvolvemento integral do individuo, ademais da transmisión de coñecementos, é necesario a adquisición de determinadas competencias básicas que fomenten o *aprender a ser*, *aprender a coñecer*, *aprender a facer* e *aprender a convivir*. A través dos diferentes obxectivos e contidos, antes expostos, traballaremos as **8 competencias básicas**:

- 1. Comunicación lingüística:** empregando o linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de ideas, emocións,...
- 2. Matemática:** habilidade para empregar os números, conceptos e as operacións básicas,...
- 3. Coñecemento e a interacción co mundo físico:** facilitando a comprensión de sucesos.
- 4. Social e cidadá:** capacitando ás persoas para convivir nunha sociedade máis plural, poñéndose no lugar do outro, respectando os valores, crenzas, culturas,... dos outros.
- 5. Tratamento da información e competencia dixital:** promovendo o acceso e selección da información e da comunicación, a transmisión desta en diferentes medios.
- 6. Cultural e artística:** valorando criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas como a música, a arte,... da propia comunidade a doutras como medio de expresión.
- 7. Aprender a aprender:** coñecendo as propias capacidades e carencias, aprender autonomamente,...
- 8. Autonomía e iniciativa persoal:** promove a liberdade, autoestima, seguridade,... facéndose responsable das propias decisións e iniciativas, tanto no ámbito persoal como social

5. METODOLOXÍA

Tomando como referente que esta programación está destinada aos nenos e nenas de 5 anos os principios metodolóxicos que guían a nosa acción educativa, seguindo as aportacións do noso Deseño Curricular Base, son o principio de consistencia evolutiva, aprendizaxe significativo e actividade autoestructurante os cales teñen como referencia as aportacións de Piaget, Ausubel e Vigotsky.

O principio de consistencia evolutiva supón a adecuación dos contidos ó nivel do grupo e ó estadio evolutivo de cada alumno/a. É necesario, polo tanto, partir do desenvolvemento do alumno/a para que a aprendizaxe sexa constructiva.

O principio de aprendizaxe significativo determina que o alumno/a sexa capaz de integrar os novos coñecementos cos que xa posúe, para xerar esquemas cada vez máis complexos. Para que a aprendizaxe sexa realmente significativa é necesaria a motivación, sobre todo intrínseca, e que para o alumnado o que aprenda lle resulte funcional.

E o principio de actividade autoestructurante, segundo o cal o neno/a aprende a través da interacción que establece co ambiente. Mediante esta actividade o neno/a intervén sobre o medio, o modifica e interacciona de forma activa co mesmo.

Unidos a estes tres non esquecemos un importante principio dentro da EI como é a **globalización**, xa que é necesario partir da propia realidade e respectar a forma en que os nenos/as a perciben, é dicir, globalmente. Os nenos/as non viven parcialmente o que lles rodea e, polo tanto, non aprenden os coñecementos de forma illada senón integrando aspectos das diferentes áreas.

No ámbito da metodoloxía consideramos moi importante ter en conta tamén a organización dos espazos e dos tempos.

En relación ó **espazo**, dicir que o estructuramos de modo que respecte as necesidades dos nenos/as e así entendemos que a aula debe cumprir unha serie de requisitos:

O benestar, é dicir, debe ser cómoda, cunha boa iluminación e cunha temperatura agradable para os neno e nenas.

A flexibilidade e funcionalidade, xa que o espazo debe permitir diversas utilizacións e funcións en cada zona para poder aproveitalo ó máximo.

E como non, o ambiente ten que ser seguro, san e que promova hábitos de hixiene, saúde e respecto.

Por todo isto e tendo en conta a crise sanitaria, a **organización** das aulas pretende acadar a maior separación posible entre o alumnado. Para elo, organizáronse por equipos de 5 alumnos máximo. A organización dos recantos varía dunhas aulas a outras en función do espazo e do número de alumnos, pero todas respectan as normas do protocolo COVID.

En canto a organización do **tempo**, dicir que este será flexible e respectará os ritmos naturais e individuais de cada neno e nena.

Partimos dunha concepción do tempo para os afectos e para a construción persoal.

Para os *afectos* xa que os nenos destas idades necesitan verse queridos para sentir que están seguros, esta afectividade na aula recíbena a través de diferentes vías: dos seus compañeiros/as, doutros profesionais (especialista en música, lingua estranxeira, educación física, relixión) e tamén pola miña parte, destacando sobre todo os momentos de chegada e despedida ó centro.

E tempos para a *construción persoal*, xa que a través das interaccións co medio, os iguais, os obxectos e os profesores/as os nenos/as van avanzando no seu desenvolvemento global coma individuos.

Dentro da organización dos tempos concedemos moita importancia ás **rutinas** diarias, é dicir, aqueles momentos que se repiten de maneira continua o longo da xornada escolar, xa que lles proporcionan os nenos/as seguridade e confianza porque lles permiten predicir o que vai a ocorrer a continuación e a súa vez lles axudan a avanzar na asimilación das nocións espazo - temporais.

Ademais destas rutinas o longo da xornada compaxinamos actividades individuais con actividades colectivas ou de grupo, en grupos de 3, 4 e 5 nenos, como establece o protocolo COVID, co fin de que as iniciativas persoais poidan xurdir máis facilmente en determinados momentos, mentres que noutros se potencia a relación. Tamén alternamos actividades que esixen atención coas que se basean na manipulación e no movemento que, como se sabe, facilitan e estimulan a actividade mental.

Polo tanto traballamos cun modelo de ensinanza activa na que o alumnado é o centro do proceso e a nosa intervención pedagóxica responde as necesidades de cada alumno/a co fin de desenvolver o máximo as súas potencialidades.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose ós ritmos individuais de cada alumno/a.
- Adecuación da axuda pedagóxica, valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos de avaliación.
- Adaptación da metodoloxía ás diferentes necesidades do momento.
- Adecuación de cada unha das actividades ás diferenzas individuais do alumnado da aula.

En cada unidade cando sexa necesario, dependendo das necesidades que vaian aparecendo, realizaremos actividades de reforzo e ampliación. De reforzo, que tratan de influír positivamente sobre a estima e concepto de si mesmo do alumnado, a través de situacións diferentes que favorezan o desenvolvemento das capacidades previstas, e actividades de ampliación que permiten a continuación do proceso de construción de novos coñecementos.

7. AVALIACIÓN

Antes de deseñar os ítems que definan os criterios de avaliación cos que analizamos a seguinte proposta didáctica, deixaremos claro cales son os fins que perseguimos con dita avaliación.

A avaliación é un proceso que ten lugar durante a ensinanza-aprendizaxe e que se caracteriza por:

- Atender ás diferenzas individuais.
- Ser un proceso continuado, progresivo e sistemático xa debemos saber en cada momento do proceso *¿que?*, *¿como?* e *¿cando?* avaliar.
- Ser un medio e non un fin en si mesma. Xa que a súa finalidade é orientar tanto ó alumnado como ó profesorado, a este último sobre determinados aspectos do proceso educativo como: a metodoloxía, recursos, detección de necesidades específicas de apoio educativo... polo tanto a avaliación implica tanto ó alumno/a como ó propio sistema escolar no seu conxunto e a todos os profesionais que interveñen no proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Polo tanto o tipo de avaliación que levamos a cabo é **global, continua e formativa**, tal e como se recolle na Orde do 25 DE XUÑO DE 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Global xa que abarca ós elementos que inciden no proceso de ensinanza-aprendizaxe na súa totalidade e valora de modo xeral o desenvolvemento logrado polos discentes tendendo como referente as capacidades recollidas nos obxectivos xerais, contextualizados a través da programación e das unidades didácticas.

Continua e formativa, porque se realiza ó longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, é dicir, levamos a cabo unha avaliación inicial que ten como función determinar a situación e as ideas previas dos alumnos, unha avaliación continua ou procesual que forma parte do mesmo proceso de ensinanza e que por iso ten un carácter especialmente formativo ou reorientador do mesmo, xa que me permite valorar que aspectos están funcionando deficitariamente e como se poden mellorar pero tamén aqueles que resultan positivos e en que grado se poden optimizar aínda máis. Por último unha avaliación final, aplicada ó terminar o proceso, sendo o seu fin ademais da reorientación do mesmo, a de informar e acreditar as aprendizaxes obtidas.

Será necesario polo tanto unha avaliación tanto das aprendizaxes do alumnado coma dos procesos de ensino e da propia práctica docente e de todo aquilo que incide en todo o proceso educativo do alumnado. (o ambiente do proceso educativo (organización da aula, clima escolar, interacción entre o alumnado e co profesorado), a coordinación entre os diferentes profesionais que inciden no grupo, a regularidade e calidade de relación cos pais e nais, a adecuación da proposta pedagóxica, a proposta metodolóxica...)

A medida que vaiamos poñendo en práctica as diferentes Unidades Didácticas recollemos estes aspectos a avaliar baseándonos sobre todo na observación directa e sistemática.

Ó finalizar cada trimestre recollemos os resultados da avaliación continua a modo de avaliación sumativa, cos resultados de cada unha das unidades didácticas, e ademais realizamos a avaliación final ó rematar o curso.

Resumindo, o dito ata agora, pódese afirmar que os principios da avaliación que perseguimos nesta programación didáctica son os seguintes:

- **Globalidade:** necesidade de avaliar unitariamente o proceso educativo e non provocar unha subdivisión permanente dos seus elementos, senón unha valoración conxunta de todos.
- **Intencionalidade e dirección:** necesidade de vincular a avaliación cos obxectivos formulados no proceso educativo.
- **Continuidade:** necesidade de que a avaliación se insira na actividade educativa dunha maneira permanente, co que estamos sinalando o carácter formativo, é dicir, reorientador do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- **Sistematicidade:** necesidade de avaliar os elementos que conforman un proceso educativo de forma independente.
- **Criterialidade:** xa que a avaliación debe realizarse en base a criterios previamente establecidos. A continuación expoñemolos.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

UNIDADE 1 : ¡ VOLTAMOS Á ESCOLA!		
COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Progresar no control de sentimentos e emocións. - Recoñecer as partes do corpo que expresan emocións. - Desenvolver a conciencia de si mesmo e do seu nome. - Ser quen de controlar o equilibrio ao saltar, correr e parar. - Respectar e valorar as normas nos desprazamentos. - Desenvolver hábitos de saúde, benestar e orde. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar, discriminar, asociar, compoñer e descompoñer os números do 1 ao 6. - Sumar de forma gráfica. - Recoñecer o primeiro e o último. - Comparar e discriminar a altura de obxectos e persoas. - Diferenciar as nocións temporais: mañá, tarde e noite. - Recoñecer e debuxar formas xeométricas coñecidas. - Identificar no espazo os conceptos esquina, borde, centro. - Recoñecer os cambios nas persoas a medida que crecen. - Observar a climatoloxía - Orientarse no centro e usar correctamente as dependencias. - Coñecer e respectar a todas as persoas que traballan no centro. - Identificar e valorar as funcións e ocupacións dos distintos membros da familia. 	<ul style="list-style-type: none"> -Relatar feitos e describir imaxes - Utilizar de forma adecuada o vocabulario relacionado coa familia e o colexio. - escoitar, preguntar e participar en diálogos, utilizando de forma correcta as frases. - Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario. - Realizar liñas verticais, horizontais e inclinadas combinadas. - Ler e escribir o propio nome. - Gozar da escoita de contos. - Recoñecer e utilizar algúns medios tecnolóxicos, utilizándoos como recurso de xogo e comunicación. - Iniciarse na utilización de programas informáticos sinxelos. - Describir unha escultura. - Realizar ritmos con obxectos.

	- Coñecer e valorar positivamente distintas estruturas familiares	- Diferenciar entre sons con obxectos e audicións musicais
UNIDADE 2: XA CHEGA O OUTONO		
COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO SEU CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÒN E REPRESENTACIÒN
<ul style="list-style-type: none"> - Identificar e sinalar as distintas partes do corpo. - Recoñecer e respectar as características diferenciais. - Identificar os sentidos e as súas funcións e expresar sensacións a través de eles. - Orientarse no espazo con referencia a si mesmo, a persoas, obxectos o dependencias. - Participar en actividades de lecer e tempo libre mostrando respecto e interese e sen discriminación. - Aplicar normas de hixiene persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar os números do cero ao seis ás coleccións de obxectos. - Resolver problemas de adición con números do cero ao seis. - Ordenar e identificar ordinais: primeiro, segundo e terceiro. - Comparar coleccións utilizando as nocións de cantidade: algún e ningún. - Diferenciar tamaños: máis grande que, máis pequeno que e tan grande como. - Recoñecer e debuxar óvalos e círculos. - Diferenciar as texturas áspero e suave. - Identificar os cambios no contorno coa chegada do outono. - Coidar o contorno próximo. - Empregar prendas de vestir adecuadas á estación. - Recoñecer froitos de outono. - Comprender a importancia de ter dereitos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Relatar feitos e comunicar ideas. - Empregar correctamente o vocabulario relacionado co corpo, o outono e as prendas de vestir. - Empregar frases correctas en presente, pasado e futuro. - Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario. - Realizar liñas en aspa e en cruz. - Gozar coa escoita de contos. - Debuxar a figura humana. - Describir unha obra pictórica e experimentar con ela. - Diferenciar familias de instrumentos. - escoitar atentamente e con interese obras musicais. - Aprender e interpretar cancións. - Coñecer as posibilidades motrices do seu corpo para orientarse no espazo. Interpretar nocións de direccionalidade co corpo.

UNIDADE 3: O MEU AMIGO BALTASAR

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Desprazarse mantendo o equilibrio. - Resolver tarefas sinxelas confiando nas súas posibilidades. - Empregar correctamente os cubertos segundo o menú. - Comer de forma saudable. - Aplicar hábitos de alimentación sans. 	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar os números do un ao seis. - Utilizar os conceptos: par e parella en coleccións. - Situar os ordinais: cuarto, quinto e sexto. - Distinguir entre obxectos pesados e lixeiros. - Discriminar entre alimentos doces, salgados e ácidos. - Resolver cadros de dobre entrada. - Situar correctamente a dereita e a esquerda. - Recoñecer e debuxar rombos. - Comprender a importancia de conservar distintos espazos naturais. - Caracterizar a época de Nadal. - Recoñecer os elementos da rúa e explicar as súas funcións. - Respetar as normas de seguridade viaria. - Identificar tipos de comercios. 	<ul style="list-style-type: none"> - Relatar feitos e interpretar imaxes utilizando a linguaxe oral. - Utilizar adecuadamente o vocabulario adquirido relacionado cos comercios, a rúa e os alimentos. - Empregar correctamente a linguaxe para expresar sentimentos, gustos, preferencias, ideas e desexos. - Comprender, ler e elaborar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario. - Ler e interpretar felicitacións, cartas e carteis. - Realizar liñas en espiral en ambos sentidos. - Gozar coa escoita de contos. - Coñecer o uso dos iconas de acceso directo. - Realizar buscas en Internet baixo a supervisión dun adulto. - Interpretar e analizar unha obra de arte. - Cantar e memorizar panxoliñas. - Recoñecer instrumentos que se utilizan para cantar panxoliñas.

<ul style="list-style-type: none"> - Distinguir a procedencia de alimentos elaborados. - Participar activamente na celebración do Día da Constitución. 	<ul style="list-style-type: none"> - escoitar con atención e interese audicións musicais. - Representar sentimentos, emocións e vivencias empregando o corpo.
--	---

UNIDADE 4: E SE XOGAMOS XUNTOS?

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer as propias posibilidades e limitacións corporais e respectar as dos outros. - Coidar o corpo. - Desprazarse con máis seguridade nos xogos. - Xogar sen competir e colaborando cos compañeiros. - Practicar medidas de hixiene necesarias para o aseo diario de forma autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar os números ata o sete en contaxes e coleccións. - Situar correctamente os ordinais ata o sétimo. - Realizar sumas e restas. - Resolver cadros de dobre entrada. - Discriminar accións que suceden antes, agora, despois. - Distinguir entre preto, máis preto que, lonxe, máis lonxe que. - Recoñecer e debuxar rombos e triángulos. - Valorar obxectos realizados con material reciclado e realizar accións de reutilización de obxectos cotiáns. - Recoñecer algúns xogos e xoguetes. - Identificar actividades deportivas. - Celebrar o Día da paz. 	<ul style="list-style-type: none"> - Relatar feitos e interpretar imaxes. - Empregar con corrección o vocabulario relacionado cos xogos e os xoguetes. - Respectar as normas dos intercambios lingüísticos. - Participar nos diálogos con varios interlocutores. - Comprender, ler e elaborar frases con pictogramas e tarxetas de vocabulario. - Recoñecer as partes dun conto e completalo. - Realizar liñas curvas continuas e descontinuas. - Gozar coa escoita de contos. - Recoñecer a pizarra dixital e os seus usos - Construír un xoguete con material de refugallo - Describir unha escultura. - Aprender e cantar cancións. - Distinguir entre sons e voces graves e agudos. - escoitar con interese e atención as audicións musicais.

		- Dramatizar historias sinxelas creadas grupalmente.
--	--	--

UNIDADE 5: ¿ONDE VIVES TÍ?		
<p>COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL</p> <p>Realizar as tarefas de abotoado, desabotoado, acordoado e lazada de forma autónoma.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tomar a iniciativa na resolución de situacións cotiás. - Afianzar as destrezas do bote e o lanzamento do balón. - Colaborar nas tarefas domésticas. - Poñer en práctica hábitos de aseo e saúde no fogar. 	<p>COÑECEMENTO DO CONTORNO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Empregar os números ata o oito na contaxe e as operacións. - Situar correctamente ordinais ata o octavo. - Realizar series ascendentes e descendentes de números ata o oito. - Distinguir entre grosos dos obxectos: goso pero non o máis goso, delgado pero non o máis delgado. - Medir empregando pés e pasos. - Empregar correctamente as nocións temporais: onte, hoxe e mañá. - Distinguir entre dereita e esquerda. - Recoñecer e debuxar cadrados, triángulos, rectángulos, rombos e círculos. - Identificar fenómenos atmosféricos cotiás. - Recoñecer diferentes tipos de vivendas. - Distinguir as dependencias dunha vivenda e súas funcións. - Identificar accións e actividades que se realizan no fogar. - Recoñecer as características das festas 	<p>LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relatar feitos e interpretar imaxes. - Empregar correctamente o vocabulario relacionado coa casa. - Construír correctamente frases largas e complexas, e empregalas nas conversacións. - Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario. - Interpretar carteis e explicar o que representan. - Realizar liñas curvas e horizontais combinadas. - Gozar coa escoita de contos. - Usar técnicas coñecidas na composición dunha casa. - Empregar diferentes tons de verde en producións plásticas. - Describir unha pintura. - Aprender e cantar cancións. - Distinguir entre sons longos e curtos. - Recoñecer instrumentos musicais - Escoitar atentamente as audicións musicais e participar con interese.

UNIDADE 6: O RATO DE MARTÍN

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Relacionar as sensacións cos sentidos que as perciben. - Manter o equilibrio nos desprazamentos. - Manifestar afecto nas relacións persoais. - Realizar accións que favorezan ambientes públicos limpos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar os números ata o nove en contaxes, operacións e composición e descomposición. - Identificar e situar os ordinais ata o noveno. - Resolver cadros de dobre entrada. - Identificar a metade dun obxecto. - Distinguir entre as nocións: cheo e baleiro. - Situar persoas e obxectos de dereita a esquerda. - Recoñecer a esfera. - Recoñecer algunhas características de animais e plantas. - Explicar a evolución e os ciclos de vida de algúns seres vivos. - Recoñecer e caracterizar os cambios que se producen en primavera. - Realizar accións de mantemento e coidado do contorno próximo: o parque. 	<ul style="list-style-type: none"> - Relatar feitos e interpretar palabras. - Empregar correctamente o vocabulario relacionado cos animais e as plantas. - Identificar e pronunciar correctamente algúns fonemas. - Identificar algunhas letras. - Comprender, ler e elaborar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario. - Compoñer secuencias de imaxes. - Realizar liñas en bucle. - Gozar coa escoita de contos. - Recoñecer os usos dun programa de debuxo. - Crear composicións con volume. - Describir e valorar unha obra de arte. - Aprender e cantar cancións.

		<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer instrumentos de percusión. - escoitar con interese e activamente audicións musicais.
--	--	---

UNIDADE 7: POLO CEO E POLO MAR		
COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Aceptar e valorar as súas posibilidades e limitacións a través da interacción cos demais. - Progresar no dominio da orientación e as posturas corporais. - Afianzar a lateralidade corporal. - Desenvolver a coordinación motriz necesaria para realizar lanzamentos. - Recoñecer e aceptar regras e normas de convivencia. - Practicar hábitos de hixiene e coidado persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar os números do cero ao nove en contaxe e operacións. - Resolver restas. - Recoñecer os números anterior e posterior a un dado - Empregar as nocións: un máis, un menos, tantos como. - Distinguir entre obxectos máis anchos e máis estreitos. - Identificar os días da semana. - Distinguir o cubo de outros corpos xeométricos. - Realizar accións de respecto e coidado do medio natural. - Identificar medios de transporte contaminantes e no contaminantes, e valorar positivamente aos que non contaminan. - Identificar medios de transporte de terra, mar e aire, e as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> - Relatar feitos e interpretar imaxes. - Empregar correctamente o vocabulario relacionado cos medios de transporte e comunicación. - Expresarse con claridade e concordancia. - Comprender, ler e elaborar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario. - Secuenciar imaxes cronoloxicamente. - Comprender avisos e carteis. - Realizar liñas curvas preparatorias para a escritura de letras. - Gozar coa escoita de contos. - Empregar o correo electrónico. - Realizar producións plásticas, series de cores, <i>colaxe</i> e picado. - Describir e valorar unha obra pictórica. - Recoñecer algúns tipos de música.

	<ul style="list-style-type: none">- Discriminar algúns medios de comunicación segundo o seu tipo e función.- Identificar algúns inventos e explicar a súa utilidade- Participar activamente na celebración do Día do libro	<ul style="list-style-type: none">- Aprender e cantar cancións.- escoitar atentamente e participar nas audicións.- Participar con interese e entusiasmo en danzas con música de distintos estilos.
--	--	--

UNIDADE 8: VISITANDO ÓS BOMBEIROS

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Manter o seu Corpo coidado a través da alimentación - Camiñar de costas mantendo o equilibrio. - Detectar situacións perigosas para si mesmo e os demais. - Coñecer diferentes materiais que resulten perigosos para súa integridade 	<ul style="list-style-type: none"> - Resolver sumas e restas. - Aplicar os números ata o nove en operacións, - identificar cilindros no seu contexto cercano. - Situar correctamente os ordinais ata o noveno. - Recoñecer o dobre dunha cantidade. - Empregar o reloxo como instrumento de medida do tempo. - Empregar as nocións en punto e e media do reloxo. - Secuenciar cronoloxicamente Actividades da vida cotiá. - Coñecer algúns oficios e profesións do seu contorno - Asociar diferentes materiais coas repectivas profesións traballadas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Relatar feitos e interpretar imaxes de profesións do contorno - Usar correctamente o vocabulario relacionado coas profesións. - Escribir pequenos textos axudándose da vocalización. - Realizar as diferentes liñas combianadas (horizontais, bucles...) - Secuenciar viñetas dun conto. - Crear texto coa axuda do ordenador - Describir e valorar unha obra pictórica. - Aprender e cantar cancións - Distinguir sons dos oficios - Participar activamente e con interese nas audicións

UNIDADE 9: O ARCO DA VELLA

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer as propias características persoais e valoralas coas súas posibilidades e limitacións. - Trepas de forma coordinada e correcta. - Camiñar de costas mantendo o equilibrio. - Poñer en práctica hábitos relacionados co aforro do auga. - Traballar a superación do medo á escuridade. - Poñer en práctica accións de prevención dos efectos nocivos do sol. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar os números ata o nove en operacións, problemas e coleccións. - Situar correctamente os ordinais ata o noveno. - Resolver restas. - Recoñecer o dobre dunha cantidade. - Discriminar a lonxitude empregando as nocións tan longo como, tan curto como. - Secuenciar cronoloxicamente Actividades da vida cotiá. - Empregar o reloxo como instrumento de medida do tempo. - Aplicar a noción de simetría en obxectos. - Distinguir os cambios no medio natural segundo é de día ou de noite. - Discriminar entre fontes de luz natural e artificial. - Recoñecer algunhas características e actividades do verán. - Tomar conciencia da importancia do sol e da auga para a vida. - Realizar accións de prevención dos efectos do sol nas actividades ao aire libre. - Participar activamente na celebración do Día do medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> - Relatar feitos e interpretar imaxes. - Empregar correctamente a linguaxe oral para explicar relacións causa-efecto. - Usar correctamente o vocabulario relacionado co verán. - Comprender, ler e elaborar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario. - Identificar letras semellantes e diferentes en palabras escritas. - Realizar as liñas en bucle inferiores e superiores. - Gozar coa escoita de contos. - Recoñecer como se emprega un programa de presentacións. - Compoñer paisaxes empregando mesturas e combinacións de color. - Describir e valorar unha obra pictórica. - Aprender e cantar cancións - Distinguir sons da natureza - Participar activamente e con interese nas audicións - Crear en grupo unha danza sinxela co fin de entreterse.

9 .MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA Ó FINAL DA ETAPA.

Ó final da etapa de educación infantil ó alumnado deberá ter adquiridos uns obxectivos mínimos para que sexa posible unha avaliación positiva. Ditos obxectivos, son os que a continuación se exponen e neles están recollidos todos os contidos básicos de cada unha das áreas de coñecemento e bloques de contidos:

- Coñecer as partes máis importantes do Corpo e sinalalas nel mesmo e nos demais.
- Ser autónomo nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: alimentación, hixene e vestido.
- Participar e respectar as normas dos xogos.
- Manexar con certa habilidade distintos tipos materiais e obxectos.
- Coñecer e respectar as normas básicas de convivencia.
- Realizar clasificacións, agrupacións e seriacións sinxelas.
- Coñecer a serie numéricas ata o número cinco e asociala a súa cantidade.
- Recoñecer e trazar as formas geométricas básicas.
- Coñecer os conceptos básicos (cores, cuantificadores, tamaños...)
- Expresar as nocións espaciais básicas.
- Coñecer algunha característica do entorno máis próximo (animais, prantas, estacións, fenómenos meteorolóxicos...)
- Atender a unha historia e responder a preguntas sinxelas sobre a mesma.
- Comprender e executar unha orde dada.
- Expresar coherentemente as súas vivencias.
- Secuenciar unha historia de dúas viñetas.
- Recoñecer e escribir o seu Nome.
- Coñecer as vogais.
- Empregar diferentes materiais e técnicas plásticas básicas.

10 .INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA DE EDUCACIÓN INFANTIL

Aproveitaremos os recursos e materiais multimedia dos que dispoñemos no centro, como son: ordenadores con conexión a internet, pizarra dixital, cámara dixital, reproductor DVD, páxina web do centro...

Todos estes recursos servirannos para crear e desensolver no noso alumnado a imaxinación, a creatividade como medios de apoio e ampliación dos contidos traballados. Nos ordenadores e pizarras dixitais das distintas escolas, levaremos a cabo as seguintes experiencias:

- Acceso a páxina web do centro, onde poderán visualizar todas aquelas experiencias que fagamos a nivel de aula e centro.
- Xogos multimedia: "Pipo", "Leo con Alex"Pingu", Programa JavaClic...
- Aceso a páxinas web con contidos e xogos educativos adaptados ó alumnado de educación infantil.
- Visualización e audición de contos e cancións.

Ademáis dada a crise sanitaria, de ser preciso por razóns de confinamento, empregaríanse estes medios para continuar coa intervención educativa a distancia a través da páxina web do centro ou da aula virtual. Favorecendo a continuidade do curso escolar, aínda que nestas idades estes medios non poden paliar as necesidades de contacto e interacción directa co alumnado e cos iguais.

Coa cámara dixital faremos fotos daqueles momentos máis significativos do día a día nas aulas así como das saídas ou experiencias positivas a nivel formativo. Despois colgaranse na páxina web do centro e na aula virtual.

12.INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL E ALGÚNS ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN

Dende o equipo de ciclo consideramos moi importante que as familias coñeceñan en liñas xerais como están organizadas as programacións en aspectos tan importantes como son os obxectivos, contidos, avaliación, etc.

Na relación e intercambios cas familias, os medios empregados serán: chamadas telefónicas, abalar e páxina web , principalmente.

Adxuntase, a continuación, o tríptico informativo relativo a este aspecto.

COLEXIO RURAL AGRUPADO DE NARÓN



INFORMACIÓN SOBRE O 2º CICLO DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

A segunda etapa do ciclo da educación infantil abrangue dende os tres os seis anos. Para dita etapa plantexanse unha serie de **obxectivos** que teñen como finalidade acadar o desenvolvemento integral e armónico dos nenos e nenas tanto no plano físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo. Polo tanto nesta etapa contribuírase a desenvolver as capacidades e competencias que lle permitan o alumnado:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Todos estes obxectivos desenvolveranse a través de **contidos** que se organizan en tres áreas de coñecemento:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Estas áreas deben entenderse como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de toda orde: de actitudes, procedementos e conceptos, que contribuirán ao desenvolvemento de nenas e nenos e propiciarán a súa aproximación á interpretación do mundo, outorgándolle significado e facilitando a súa participación activa nel. Dada a amplitude e importancia de cada área cada unha de estas subdividise nunha serie de **bloques de contidos**.

Coñecemento de si mesmo e autonomía	Coñecemento do contorno	Linguaxes: comunicación e representación
1. O corpo e a propia imaxe	1. Medio físico: elementos, relacións e medidas.	1. Linguaxe verbal
2. Xogo e movemento	2. Aproximación a natureza	2. Linguaxe artísitico: plástico, musical, corporal
3. A actividade e vida cotiá	3. Cultura e vida en sociedade	3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación
4. O coidado persoal e da saúde		

A avaliación e os criterios:

A avaliación é un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo que se realiza de forma global, continua e formativa coa finalidade de obter información

sobre o desenvolvemento dos nenos e nenas, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas. Os criterios de avaliación están determinados en cada unha das áreas e quedan recollidas nas programacións do 4º, 5º e 6º nivel de educación infantil.

Criterios de cualificación

Os resultados das avaliacións serán comunicados ás familias ó final de cada trimestre a través dun boletín no que se recollen unha serie de indicadores para valorar o progreso do neno/a. Os criterios de cualificación para esta etapa son: sen dificultade, en proceso ou con dificultade. Os cales representan o grado de consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

Procedementos de avaliación

O proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerce a titoría, a cal recolle a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular.

A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polas nenas e nenos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.

